

PELÍCULAS



VACACIONES



HAI QUE LER!

IES A PONTEPEDRIÑA

R/ Amor Rubial, 28
15702 Santiago de Compostela
Telf.: 981531013
Fax.: 981593605

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespontepedrina/>
Pedriñas blog do ENLD www.blogoteca.com/pedrinhas

GUÍA DE LECTURAS VACACIONES DE VERÁN CURSO 2013-2014

BIBLIOTECA
IES PONTEPEDRIÑA




NESTE VERÁN...

MERGÚLLATE NA

LECTURA!!


FELICES VACACIONES!!

VACACIÓNS 1º - 2º ESO




Novela-disco que nace da colaboración entre a escritora Charo Pita e o músico Xoán Curiel. En forma de diario, cóntasenos a historia dun grupo de amigos xusto cando o verán comeza. O seu soño: ter un grupo de música.

Alaia, unha moza da tribo dos nerios, ten que abandonar o seu castro natal para ir traballar á cidade de Thaladé, construída enriba do bravo Mar Poñente. Alí coñecerá a crueldade dos amos e as contradicións da mal chamada civilización, mais tamén descubrirá o maior dos segredos que gardan os seus túneles ancestrais.




Este é un libro de versos que rompen as costuras do silencio; un álbum secreto para todas aquelas mozas que procuran una fenda nos valos, máis alá da gaiola rosa dos contos de princesas; un diario onde unha adolescente convulsa e opaca atopa a voz que nunca tivo. Porque medrar é aprender a fuxir da ditadura dos espellos. Non agardes máis: entra nun universo onde non todo vai ser fashion & cool & chic & sexy.

VACACIÓNS 3º - 4º ESO



Daia Dalúa cruza Europa nun tren que a levará cara a un destino frío onde coñecerá a calor dos amigos. Con eles, deberá descubrir que se agocha tras o po centenario dun libro laretas que lles pide axuda para salvar á Degon Aerinaira. Mais, quen é a Degon? Poden fiarse da mensaxe dun libro que se dedica a posuír a incautas alumnas de primeiro como Fiona, a súa irmá? Foi casualidade que aquel vello libro caese nas súas mans? Mais Daia non cre nas casualidades. Se ti tampouco cres nelas, mergúllate nesta historia para coñecer a resposta.


Un xornalista galego duramente castigado polo poder, ten que emigrar a Madrid na procura de traballo. Nesa cidade aluga un piso vello e enigmático; da vivenda do lado proceden os estraños ruidos do silencio. Cun estilo áxil, Fran Alonso constrúe unha interesante trama que afonda na esquizofrenia do mundo urbano contemporáneo a través dunha situación límite.



Premio Irmandade ao Mellor libro Infantil e Xuvenil do ano 2014. Despois de *Destino xalundes* (2013) e *Estación de tránsito* (2014), chega o final da triloxía *Ámote Leo A.*


«Mamá, volvo á casa. Xa.» Así lle escribe Leo á súa nai unha noite de primavera, catro meses despois do inicio da súa fascinante viaxe polo mundo. A moza non ten gana de máis. Pero non se trata dunha rendición, velaquí unha auténtica arroutada sentimental que rosma Leo ao tempo que centos de imaxes golpean a súa cabeza.

VACACIÓNS BACHARELATO



Libro de relatos, fantásticos os máis deles, enfiados pola traxedia do naufraxio e tocados case sempre pola vea amorosa e sentimental dos seus protagonistas. Textos que evocan e recrean non só feitos históricos, senón tamén lendas do río Limia, o amor trágico dunha santeira cubana ou mesmo os tratos dunha nena con Valle-Inclán.

Doce de abril de 1961: o cosmonauta Iuri Gagarin convértese no primeiro ser humano en viaxar ao espazo exterior. 50 anos despois, Miguel Mendiguren, un home na fronteira dos sesenta anos, lembra a proeza do cosmonauta ruso. Daquela el tiña 10 anos e gañara un concurso cun traballo sobre esa 1ª viaxe espacial. A raíz diso, os outros nenos pasan a chamarlle Gagarin, un sobrenome que o acompañará durante anos.



Emma Olsen afronta os seus derradeiros meses de vida afectada por unha enfermidade terminal e sabe que a morte non tardará en chegarlle. Mais ela é escritora, e decide dedicar o tempo que lle queda a rematar unha novela que non é exactamente unha novela, senón unha crónica en primeira persoa dos anos máis importantes da súa vida, os do final da adolescencia.